



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O "VI CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR "Dillo ben bonito": "O amor prémíase en Laxe 2025".

Expte. Admvo. Núm.: 2025/X999/000006

Expte. Decreto Núm.: 2025/G003/000084

Antecedentes:

Vista a proposta que formula a concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura, para a celebración do certame: "VI CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR "Dillo ben bonito": "O amor prémíase en Laxe 2025" que literalmente se transcribe:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE COMERCIO, HOSTALARÍA, TURISMO E CULTURA

Asunto: VI CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR "Dillo ben bonito": "O amor prémíase en Laxe 2025"

Expte. Admvo: 2025/X999/000006.

No ano 2020, a iniciativa da Concellaría de comercio, hostalaría, turismo e cultura, celebrouse no noso Concello, a primeira edición deste Certame de dedicatorias de amor que levou por título: "Dillo ben bonito. O amor prémíase en Laxe".

Con esta primeira convocatoria, pretendíase promover a creación e a produción literaria municipal en formato de dedicatorias de amor, ben fosen estas dedicatorias realizadas en formato de prosa ou en verso.

Ó mesmo tempo, este certame creábase tamén co obxectivo de dar a coñecer, difundir e promocionar os diferentes locais da hostalaría e aloxamentos turísticos existentes no noso termo municipal.

Da combinación de ambos obxectivos, xurdía este Certame literario no que o premio para as persoas autoras das dedicatorias de amor gañadoras, sería unha noite de aloxamento con almorzo para dúas persoas, nalgún dos aloxamentos do, previamente informados na súa totalidade polo Concello de Laxe, quixesen colaborar e participar nesta iniciativa.

Coa intención de darlle continuidade tanto á iniciativa como ós obxectivos anteriormente expostos, a Concellaría de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, propón celebrar a que será a sexta edición deste certame no ano 2025, tendo en conta a boa acollida desta e a resposta ás edicións anteriores, tanto por parte dos aloxamentos do noso Concello como por parte da poboación en xeral que participa neste.

BASES REGULADORAS DO VI CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR "Dillo ben bonito": "O amor prémíase en Laxe". Edición 2025.

INTRODUCCIÓN

Se ben é certo que dende o Concello de Laxe entendemos que as "dedicatorias de amor" nas que se basea este certame, non deben limitarse e facerse tan só un día no ano, senón que máis ben, todo o contrario, considera que estas deberían de facerse a miúdo e estar presentes no noso día a día... tomando como pretexto que no noso calendario estatal existe un día sinalado ó ano, o 14 de febreiro, fixado e popularizado como o "Día dos namorados", empregamos esta data como fonte de inspiración tanto para a produción das pequenas pezas literarias que poden resultar premiadas, "as dedicatorias de amor á parella", así como tamén, como mes no que realizar a convocatoria, resolución e coñecemento das persoas gañadoras de dito Certame.

Partindo desta premisa, dende a Concellaría de comercio, hostalaría, turismo e cultura do Concello de Laxe, propoñemos a celebración desta sexta edición do Certame co que ó mesmo tempo que conmemoramos esta data sinalada no noso calendario, promovemos entre a poboación maior de idade, a composición e creación de textos breves, escritos dende e con corazón, de textos creados con sentimento e que destaquen pola súa beleza tanto na forma como no fondo da composición, e que nesta edición do certame, volverán a **premiar "AS DEDICATORIAS DE CARÁCTER AMOROSO ENTRE DÚAS PERSOAS", "O AMOR EN PARELLA", ben sexa este amor, REAL OU PLATÓNICO.**

Así mesmo, tal e como viñemos facendo en anos anteriores, con esta iniciativa, entendemos que se favorece o coñecemento, promoción e o achegamento ós aloxamentos turísticos do noso municipio, xa que o premio



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

para as dedicatorias de amor máis votadas, consistirá precisamente, nunha noite de aloxamento con almorzo para dúas persoas nun dos aloxamentos do Concello de Laxe que este ano participan na iniciativa.

Nas dedicatorias de amor que se remitan ó Concello de Laxe co obxecto de participar neste Certame, pretendemos que se comparta como "tendes o corazón ateigado", que "estades namorados", que nos fagades "participes da vosa ledicia"... en definitiva, achegarnos a coñecer os vosos sentimentos expresados en formato de texto breve, ben sexa este en prosa ou en verso, escrito, iso si, a modo de dedicatoria. A referencia para a composición: sentir o que se escriba, amosar os sentimentos, compartir o voso corazón a través das verbas, con ou sen rima, con ou sen métrica, con ou sen estrofa... pero con sentimento e sen perder calidade na redacción e na composición.

Se a túa dedicatoria resulta ser unha das que máis votos recibe no momento de concluír o período das votacións populares, que se farán por toda persoa que así o desexe a través do servizo de mensaxería de WhatsApp municipal denominado "NovasLaxe" e mediante os "me gusta" e "me encanta" outorgados na páxina do Facebook do Concello de Laxe, **poderás gañar**, en función do posto que ocupes en base ó número total de votos recibidos, tal e como se establece nas bases, **unha noite de aloxamento con almorzo para dúas persoas en Laxe nun dos 9 establecementos hoteleiros, casas de turismo rural e apartamentos turísticos de Laxe** que este ano, participan no Certame como aloxamentos premiadores.

1.- PARTICIPANTES.

- **Poderá participar nesta iniciativa, toda persoa maior de idade que así o desexe**, sexa ou non residente en Laxe, a excepción das persoas da Corporación municipal, ascendentes e descendentes directos de 1º grao.
- **Cada persoa, nomeadamente, só poderá presentar unha única dedicatoria.** No caso de que unha mesma persoa remita varias dedicatorias, só será admitida a primeira dedicatoria recibida no noso Concello. As restantes recibidas arquivaranse, pero, en ningún caso, poderán optar ó proceso de votación e, tampouco, a ser premiados neste certame.

2.- TEMA DAS DEDICATORIAS.

"O AMOR EN PARELLA", ben sexa este amor, "REAL OU PLATÓNICO".

3.- FORMATO DA DEDICATORIA E OUTROS REQUISITOS.

• **FORMATO E PRESENTACIÓN:**

- A dedicatoria deberá presentarse en formato de **folio DIN A4**.
 - Deberá ter a seguinte **ESTRUTURA**: un **TÍTULO** antes do **TEXTO DA DEDICATORIA** (que lembramos, poderá ser escrito en formato prosa ou en verso) e despois, a **sinatura do documento baixo PSEUDÓNIMO** que, cada persoa autora, elixirá libremente. Con dito pseudónimo, identificarase á persoa autora durante o proceso de votacións, co gallo de manter o anonimato e a imparcialidade.
 - A dedicatoria poderá entregarse **ESCRITA A MAN OU MECANOGRAFADA** pero, en todo caso, deberá ser **lexible na súa totalidade**.
 - **É opcional para cada autor/a a ilustrar ou non** a súa composición.
 - O pseudónimo non poderá en ningún caso inducir á desvelar a identidade da persoa autora da dedicatoria.
- **EXTENSIÓN:** a dedicatoria deberá estar composta por **un mínimo de 30 palabras e un máximo de 300**.
 - **IDIOMA:** preferentemente, redactarase en **idioma galego**, aínda que tamén se admitirá o castelán, especialmente, naqueles casos en que se trate de persoas residentes ou chegadas do estranxeiro que non teñan competencias en idioma galego.
 - O texto que se presente, para ser admitido ó certame, deberá ser **INÉDITO** e reunir uns **MÍNIMOS DE CONGRUENCIA E CALIDADE**. Neste senso, o persoal técnico municipal do **Departamento de Cultura do Concello**, a medida que se vaian recibindo as dedicatorias, **realizará un control destas**, Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

así como unha primeira valoración, propoñendo a exclusión daquelas que constitúan claramente un plaxio e/ou que non reúnan uns mínimos de sentido e calidade, así como os restantes requisitos contidos nas presentes bases.

- **Non se poderá participar con dedicatorias coas que xa se participara en edicións anteriores do certame nin tampouco con dedicatorias que teñan algún compromiso de publicación** con algunha editorial e/ou similar.
 - No caso de que se comprobe que a dedicatoria é un plaxio ou que incumpre algúns dos requisitos da convocatoria, o Concello de Laxe retirarao inmediatamente do Certame, podendo incluso retirar o premio outorgado no caso en que este dato se obteña con posterioridade a súa entrega.

O Concello de Laxe non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

- Poderán **ser causas de exclusión das dedicatorias** do certame as seguintes:
 - Non presentar as composición dentro do prazo ou da formas de presentación establecidas nas presentes bases.
 - Non entregar a obra no formato e coa estrutura indicada.
 - Incluír na obra datos persoais do/a autor/a ou que o pseudónimo empregado induza a desvelar a identidade da persoa autora.
 - Desvelar a identidade da persoa autora da dedicatoria, ben sexa de maneira verbal ou escrita.
 - Que as dedicatorias non se axusten á temática premiada “o amor en parella” ou que estean dotadas de contido que poida lesionar ou ferir os dereitos e/ou os sentimentos de terceiras persoas.
 - Que o texto sexa ilexible ou falto de comprensión.
 - Que se empreguen palabras malsoantes ou inapropiadas para a ocasión.
 - Que a dedicatoria xa fose presentada a edicións anteriores do certame, resultase este premiado ou non na anterior edición.

4.- DOS PRAZOS e DA FORMA DE PRESENTACIÓN.

- **Dende o día seguinte á publicación destas pases no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe ata ás 11.00 horas do 10 DE FEBREIRO** deste ano 2025.
- Haberá **3 MODALIDADES DE PRESENTACIÓN DAS DEDICATORIAS e envío dos datos persoais:**
 1. **DE FORMA TELEMÁTICA** a través da sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>) mediante o inicio dun trámite de solicitude xeral.
 2. **POR CORREO POSTAL** dirixido ó Departamento de Cultura do Concello de Laxe: Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117, Laxe (A Coruña). En caso de remitilos por correo, este envío deberá de comunicarse obrigatoriamente e de maneira anticipada dentro dos prazos establecidos por correo electrónico dirixido a cultura@concellodelaxe.com .
 3. **DE FORMA PRESENCIAL** no Rexistro Xeral da Casa do Concello en horario de 09.00 a 14.00 horas, achegando a documentación requirida xunto cun impreso de solicitude xeral no que soliciten participar no certame.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- En todos os casos, xunto coa dedicatoria, deberá achegarse a seguinte documentación
 - INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL que, ademais de incluír os datos persoais de cada persoa que participe, deberá recoller **NO APARTADO DE OBSERVACIÓNS**: o título da súa dedicatoria e o pseudónimo co que se presenta ó Certame.
 - Dita instancia, poderá descargarse dende a sede electrónica municipal iniciando un trámite de solicitude xeral, ou ben, solíciala de maneira impresa nas Oficinas Xerais da Casa do Concello de Laxe.
 - Orixinal ou copia do DNI, NIE ou pasaporte da persoa que participa no certame.

5.- DO XURADO E DO PROCEDEMENTO PARA A ELECCIÓN DAS DEDICATORIAS GAÑADORAS

- **O xurado** estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos a través da páxina de Facebook do Concello de Laxe e do Servizo de mensaxería Whatsapp municipal denominado **NovasLaxe**, vinculado ó número de teléfono 657 771 006.
- **O procedemento será o seguinte:**
 - **O MÉRCORES 12 DE FEBREIRO**, todas as dedicatorias que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, serán compartidas a través da páxina do Facebook do Concello de Laxe, nunha publicación creada especificamente para a celebración das votacións do certame, **así como tamén, a través da Web e do Servizo de Novaslaxe municipais.**
 - Dende ese mesmo momento, iniciarase un **proceso de VOTACIÓN que se dará por CONCLUÍDO ás 11.00 horas do MARTES 16 DE FEBREIRO**, momento no que se procederá a recompilación e recuento das votacións.
 - Todos aqueles votos emitidos ou recibidos con posterioridade, non serán tidos en conta.
 - Un representante do persoal técnico do Concello de Cultura será o encargado de recompilar e sumar todos os votos emitidos polas dúas canles xa citadas, quen emitirá proposta de resolución do Certame.
- Dende a Concellería, **animamos a que os criterios que guíen tamén as votacións** para elixir as dedicatorias gañadoras desta nova edición, sexan e estean baseados na súa **ORIXINALIDADE, CALIDADE DA REDACCIÓN E DA PRESENTACIÓN, FERMOZURA e DELICADEZA**, mantendo a imparcialidade no tocante á posible identidade da persoa autora da mesma.
- **O DÍA 21 DE FEBREIRO DO 2025**, como resultado de sumar os “me gusta” e os “me encanta” recibidos a través da páxina do Facebook do Concello de Laxe ou os votos recibidos a través do servizo de mensaxería WhatsApp de NovasLaxe (657 771 006), co texto de: “VOTO A DEDICATORIA: (“título da dedicatoria”), **difúndirase o RECONTO DAS VOTACIÓNS, ASÍ COMO O RESULTADO DO CERTAME**, desvelando a identidade das persoas autoras de cada unha das dedicatorias que máis votos recibiron e que, polo tanto, recibirán como premio: **“UNA NOITE DE ALOXAMENTO E ALMORZO PARA DÚAS PERSOAS”** nos seguintes aloxamentos do Concello de Laxe, previo informe do persoal técnico municipal.
- **A asignación das persoas premiadas e do aloxamento co que resultará premiada, realizarase en función da posición acadada no Certame** entre o total das 9 dedicatorias máis votadas. Dita posición determinarase en base o número total de votos recibidos coa súa dedicatoria, sendo os aloxamentos vinculados a cada posición ou posto do certame, os seguintes:
 - 1º CABANAS NAREA
 - 2º HOTEL** O NÁUTICO
 - 3º ISLOW COLIVING

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- 4º HOTEL RÚSTICO*** E APARTAMENTOS TURÍSTICOS A TORRE DE LAXE
 - 5º CASA RURAL ARRUEIRO
 - 6º HOTEL PLAYA DE LAXE***
 - 7º HOTEL MAR DE LAXE ***
 - 8º HOSPEDAXE - RESIDENCIA** BAHIA
- **O procedemento do Certame concluirase por Resolución da alcaldía** na que se fará constar tanto o reconto dos votos emitidos, así como tamén a relación das dedicatorias presentadas, a identidade das persoas autoras gañadoras e os importes económicos máximos a aboar para cada un dos postos acadados no Certame, en base ós orzamentos remitidos por cada un dos aloxamentos colaboradores desta edición.
 - **OS RESULTADOS DO CERTAME** compartiranse tanto no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, así como na páxina web e canles de comunicación municipais habituais do Concello de Laxe, en formato de cadro-resumo das votacións, no que constará o título da dedicatoria, o pseudónimo de cada unha delas, o número de votos acadados e o aloxamento asignado en función da puntuación total acadada no certame.

6.- DO PREMIO.

- Consistirá na **ENTREGA DUN DIPLOMA E DUN VALE IDENTIFICATIVO** que dará dereito a gozar dunha noite de aloxamento e almorzo para a persoa gañadora e a súa parella, naquel aloxamento que lle corresponda en función do número total de votos acadados e o posto acadado no reconto de votacións, segundo a orde sinalada no punto anterior.
- **O PREMIO PODERASE DISFRUTAR no aloxamento correspondente dende a data da súa concesión ATA O 31 DE OUTUBRO DO 2025**, exceptuando aqueles meses definidos como de temporada alta e/ou descanso/peche por cada aloxamento, e que, en todo caso, a persoa gañadora deberá concertar de común acordo co aloxamento, en función da súa dispoñibilidade.
- **A ENTREGA DO DIPLOMA E DO VALE REALIZARASE**, sempre que así sexa posible, **DURANTE A SEMANA DO 21 DE FEBREIRO**, nun acto individualizado de entrega con cada unha das persoas gañadoras e, a ser posible, no aloxamento no que disfrutará do premio.
 - No caso daquelas persoas en que non sexa posible esta entrega por causas de forza maior, acordarase unha data posterior para a súa entrega.
- **A persoa gañadora deberá realizar a reserva** da noite de aloxamento de común acordo co responsable do establecemento, **debendo comunicar ó Concello de Laxe a data concertada á maior brevidade posible** no seguinte enderezo electrónico: cultura@concellodelaxe.com.
- **A PERSOA PREMIADA DEBERÁ ABOAR EN PRIMEIRA INSTANCIA, O CUSTO TOTAL DA NOITE DE ALOXAMENTO E O ALMORZO DISFRUTADO** como premio outorgado polo Concello de Laxe, salvo que esta acorde co aloxamento pago posterior ó pagamento do premio por parte do Concello de Laxe.
- **Para facer efectivo o PAGAMENTO DO PREMIO, a persoa gañadora deberá presentar no Concello de Laxe a seguinte documentación**, despois do aproveitamento do mesmo:
 - **INSTANCIA DE SOLICITUDE DE PREMIO**, segundo o anexo destas bases, que deberá de solicitar: ben nas oficinas xerais da Casa do Concello, ou descargalo directamente da páxina web municipal no apartado web relativo a este Certame.
 - A presentación da dita documentación, poderase facerse polas mesmas canles establecidas na base cuarta para a presentación de solicitudes de participación.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- **FACTURA** que lle expedirá o aloxamento no que aproveitamento da noite de aloxamento con almorzo e que, necesariamente, deberá ser expedida a nome da persoa gañadora e en concepto de: “NOITE DE ALOXAMENTO CON ALMORZO PARA DÚAS PERSOAS. DILLO BEN BONITO 2025”. En todo caso, ha de ter como importe máximo, o outorgado pola Resolución da alcaldía de nomeamento de persoas gañadoras do Certame, que se lle notificará a todas as partes do procedemento e que, previamente, será acordado de maneira individual con cada aloxamento que participe no Certame.
- **ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA QUE ACREDITE A TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA NA QUE SE VAI A FACER O INGRESO** a nome da persoa beneficiaria do premio.
- Xustificado o seu aproveitamento do premio, o Concello de Laxe procederá ó ingreso do importe do premio outorgado por Resolución de alcaldía mediante a cal se dará concluído o recuento das votacións, na conta bancaria da que a persoa beneficiaria do premio acredite ser titular.
 - En todo caso, o importe a aboar polo Concello de Laxe, ascenderá como máximo ó importe outorgado pola Resolución de alcaldía coa que se conclúa o procedemento de outorgamento de premios.
 - No caso de que a persoa gañadora presente unha factura por importe menor ó do importe do premio outorgado, o Concello de Laxe procederá á minorización do pagamento ata o importe da factura presentada.
 - No caso de que a persoa premiada presente unha factura por maior importe debido á mellora das condicións do premio outorgado, en todo caso, e salvo causas de forza maior, o Concello de Laxe procederá a ingresar o importe do premio outorgado na Resolución de conclusión do procedemento das votacións.
- **O PRAZO MÁXIMO PARA ENTREGAR A DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE DO PREMIO ó Concello de Laxe SERÁ O 15 DE NOVEMBRO DO 2025.** No caso de que a persoa premiada non presente dita documentación no prazo establecido, perderá calquera dereito de reembolso e/ou pago do premio que lle foi outorgado.
- **O premio é de carácter nominativo e por tanto, ten carácter persoal e é intransferible** a terceiras persoas.
- **Os premios serán comunicados á Axencia Estatal Tributaria** tal e como requira a lexislación en vigor.
- **Os premios poderán quedar desertos no caso de que non se presenten ou non superen o primeiro filtrado de calidade realizado polo persoal técnico** do Concello de Laxe un número de dedicatorias igual ó número de aloxamentos participantes.
- No caso de que algúns dos aloxamentos, por razóns fundadas, non poida ser finalmente aloxamento premiado do Certame, o Concello de Laxe, resolverá outorgar un novo vale á persoa premiada, naquel aloxamento que máis se aproxime no custo ó que lle tería correspondido disfrutar en primeiro lugar.

7.- DEREITOS DE AUTOR

- **Todas as dedicatorias que se presente por calquera dos medios sinalados, pasarán a formar parte do arquivo literario do Concello de Laxe**, enriquecendo así o noso patrimonio cultural municipal.
- **O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación** de ditas composicións sen que medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda.
- **En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor** por parte do autor/a.
- **Cada persoa participante consinte que o Concello de Laxe faga público o seu nome e apelidos no caso de resultaren premiados.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

8.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este, garantindo a súa confidencialidade.

Tan só se farán públicos o nome e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como a súa fotografía no momento da recollida e entrega do premio do certame, que se enviarán tanto ós medios de comunicación locais e empregarán nos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe.

De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a cultura@concellodelaxe.com ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

9.- En todo o non previsto nestas bases, **resolverá a alcaldía, previo acordo da Corporación Municipal do Concello de Laxe.**

10.- A participación neste certame supón a total aceptación das bases.

En Laxe, na data da sinatura dixital.

A Concelleira Delegada de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura,

Raquel Lema Allo.-

ANEXO I

INSTANCIA PARA A SOLICITUDE DE PREMIO

VI CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR: "Dillo ben bonito": "O amor prémiase en Laxe no 2025"

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE COMO GAÑADORA DO PREMIO:

Nome:						
Apelidos:						
DNI:						
Número de teléfono:						
Correo electrónico:						
Enderezo a efectos de notificacións postais:	CP:		Concell		Provinci	
			o:		a:	

EXPOÑO:

- Que resultei premiada/o na 5ª edición do Certame de dedicatorias de amor 2024 "Dillo ben bonito": "O amor prémiase en Laxe neste ano.

- Que despois de ter aproveitado o premio outorgado polo Concello, noite de aloxamento con almuerzo, achego FACTURA emitida polo aloxamento:..... de Laxe por un

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

importe de

€.

SOLICITO:

Que o Concello de Laxe proceda a realizar o pago polo importe total da factura entregada en concepto de PREMIO DESFRUTADO no NÚMERO IBAN DA CONTA BANCARIA da que achego certificado de titularidade.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

DNI

CERTIFICADO DE TITULARIDADE BANCARIA

FACTURA

CLÁUSULA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Conforme ó establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal e en cumprimento da normativa de protección de datos, en particular do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e del Consello, de 27 de abril de 2016, informámoslle de que os datos persoais proporcionados, son confidenciais e forman parte dos ficheiros titularidade do CONCELLO DE LAXE, coa finalidade de xestionar a iniciativa V CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR 2024 “Dillo ben bonito”: “O amor prémíase en Laxe” e/ou outras campañas e/ou iniciativas que o concello considera que podan resultar do seu interese.

En calquera caso, poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación do tratamento e oposición previstos na normativa mediante escrito dirixido ó CONCELLO DE LAXE, situado na Av. Cesáreo Pondal núm.26, 15117- Laxe (A Coruña).

- Consinto no tratamento dos meus propios datos persoais contemplados no presente documento coas finalidades sinaladas neste.

SI DOU O MEU CONSENTIMENTO

NON DOU O MEU CONSENTIMENTO

En Laxe, a

de

do 2025.- Asdo.:

CONCELLO DE LAXE”

En consecuencia, esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas pola normativa vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO E ÚNICO: Aprobar a proposta da Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura para a celebración do : “VI CERTAME DE DEDICATORIAS DE AMOR “Dillo ben bonito”: “O amor prémíase en Laxe 2025”.

Mándao e asínoa en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Orons, do que eu como secretaria dou fe.

O Alcalde

A secretaria

Francisco Charlín Orons.-

Begoña Carrasco García.-

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)